



REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO

CLUBE DEPORTIVO CONXO

[Elaborado a proposta da Xunta Directiva para o seu uso e difusión de cara á súa aprobación pola Asemblea Xeral]



ÍNDICE:

TÍTULO I.- DISPOSICIÓN XERAIS

CAPÍTULO I.- OBXECTO

CAPÍTULO II.- ÁMBITO DE APLICACIÓN

TÍTULO II.- COMPETENCIAS, FUNCIÓNS E OBRIGAS

CAPÍTULO I: COMPETENCIAS

CAPÍTULO II.- XUNTA DIRECTIVA

CAPÍTULO III: DIRECTOR DEPORTIVO

CAPÍTULO IV: COORDINADORES

CAPÍTULO V.- ADESTRADORES E MONITORES

CAPÍTULO VI.- DELEGADOS DA EQUIPA

CAPÍTULO VII.- XOGADORES

CAPÍTULO VIII.- PAIS, NAIS E TITORES

TÍTULO III.- CONVOCATORIAS E DESPRAZAMENTOS

TÍTULO IV.- INSTALACIÓN E MATERIAL

CAPITULO I: INSTALACIÓN

CAPITULO II: MATERIAL

TÍTULO V.- RÉXIME DISCIPLINARIO, INFRACCIÓN, SANCIÓN E PROCEDEMENTO SANCIONADOR

CAPITULO I: RÉXIME DISCIPLINARIO

CAPÍTULO II.- INFRACCIÓN

CAPÍTULO III.- SANCIÓN

CAPÍTULO IV.- PROCEDEMENTO SANCIONADOR



TÍTULO I.- DISPOSICIÓN XERAIS:

CAPÍTULO I.- OBXECTO:

Artigo 1.- O presente Regulamento de Réxime Interno ten por obxecto regravar a organización, funcións e obrigas das persoas vencelladas social ou deportivamente ao CLUBE DEPORTIVO CONXO en orde a conquistar que as actividades que organiza e/ou nas que participa se desenvolvan dacordo cos valores de integridade e deportividade que o Clube salvagarda dende a súa fundación, respectando os compromisos educativos, académicos, relixiosos ou persoais, dentro do marco da lexislación deportiva en vigor e dos seus estatutos.

CAPÍTULO II.- ÁMBITO DE APLICACIÓN:

Artigo 2.- Fican atinxidas polas disposicións do presente Regulamento, naqueles aspectos que lles sexan de aplicación, as seguintes persoas:

- 1.- O persoal técnico do Clube.
- 2.- O persoal laboral e auxiliar do Clube.
- 3.- Os delegados das equipas.
- 4.- O xogadores.
- 5.- As nais, pais, titores e familiares dos xogadores naqueles asuntos que lles incumban.
- 6.- Calquera outra persoa ou entidade que, no desempeño da súa función, forme parte ou ostente representación do Clube ben sexa de maneira eventual ou temporal.

Artigo 3.- Todas as persoas enunciadas no artigo precedente están obrigadas a coñecer o presente Regulamento, non eximindo do seu cumprimento a ignorancia do mesmo.

Artigo 4.- Corresponde ao propio Clube, por medio da súa Xunta Directiva, a interpretación e resolución de todas aquelas cuestións que se plantexen non previstas no presente Regulamento.

Artigo 5.- Para calquera outro aspecto que atinxa ao correcto desenvolvemento das actividades ou estruturas do Clube, serán elaboradas normas e/ou recomendacións específicas concordantes e complementarias ao presente Regulamento.

TÍTULO II.- COMPETENCIAS, FUNCIÓNS E OBRIGAS:

CAPÍTULO I: COMPETENCIAS:

Artigo 6.- Os órganos de goberno velarán para que as actividades do Clube Deportivo Conxo se desenvolvan dacordo co proxecto deportivo e social do mesmo, ao obxecto de facer posíbel a efectiva realización dos fins previstos.

Ditos órganos, comezando pola Xunta Directiva, garantirán, no ámbito da súa competencia, o exercicio dos dereitos recoñecidos dos cadros que vertebran o Clube (Director Deportivo, Coordinadores, Adestradores e Delegados) e demais integrantes (xogadores e pais/nais/titores), velando polo cumprimento das obrigas que lles corresponden.

Dado que o persoal do Clube representa ao mesmo en todas as actividades nas que este participe debe esixírselle, en todo momento, un comportamento correcto, dacordo ás normas básicas de civismo e de respecto.

CAPÍTULO II.- XUNTA DIRECTIVA:

Artigo 7.- A Xunta Directiva é o órgano de dirección e administración do Clube, e como tal, executará os acordos adoptados pola Asemblea Xeral, a máis de exercer as seguintes funcións:

- 1.- Dirixir a xestión do Clube, velando polo cumprimento do seu obxecto deportivo e social.



- 2.- Confeccionar o inventario, balance e memoria anual que teñan de ser sometidos á aprobación da Asemblea.
- 3.- Propór a redacción ou reformas do Regulamento de Réxime Interno fixando as normas correspondentes e as cotas ás que houbese lugar.
- 4.- Crear as comisións ou grupos de traballo que considere necesarias.
- 5.- Nomear ás persoas que teñan de dirixir as distintas comisións ou áreas de participación, así como organizar todas as actividades deportivas e sociais do Clube.
- 6.- Vixiar o fiel cumprimento dos Estatutos e Regulamentos do Clube, tendo a facultade de abrir expedientes disciplinarios, impor sancións ou expulsar do Clube a quen non cumprise cos requisitos e esixencias expostas.
- 7.- No seo da Xunta Directiva, poderase constituír un Comité de Disciplina ao que corresponderá, por delegación daquela, a resolución dos expedientes incoados pola comisión de feitos que puideran ser conceptuados como falta grave ou moi grave. Dito comité estará composto por un mínimo de tres persoas e un máximo de cinco, sendo unha delas o Director Deportivo e, o resto, membros da Xunta Directiva podendo incorporar, no caso de que o Presidente do Clube así o decidise, unha persoa allea ao mesmo con recoñecida solvencia en materias desta índole.
- 8.- Asemade, poderá designar representantes para a información e/ou intermediación cos demais estamentos ou órganos do Clube.

CAPÍTULO III: DIRECTOR DEPORTIVO:

Artigo 8.- O Clube contará coa figura do Director Deportivo, elixido ou destituído pola Xunta Directiva a proposta do Presidente, que se encargará de xestionar directamente todos os asuntos estritamente deportivos dentro do Clube no ámbito de todas as categorías.

Artigo 9.- Sen prexuízo doutras que se puideran desempeñar e observar, son funcións e obrigas do Director Deportivo:

- 1.- Dirixir, coordinar e controlar todas as actividades das diferentes equipas do Clube, relativas a adestramentos, horarios e partidos de competición, tanto de carácter oficial como amigable.
- 2.- Executar as directrices emanadas da Xunta Directiva do Clube, que lle serán comunicadas a traveso do responsábel nomeado pola Xunta.
- 3.- Facer cumprir o Regulamento de Réxime Interno a todos os xogadores, adestradores, delegados e coordinadores, instándoos ao seu coñecemento e posta en práctica.
- 4.- Xestionar, controlar e efectuar o seguimento de todos os xogadores, adestradores e coordinadores do Clube, estando á súa disposición de cara a resolver calquera problema que se lles presente.
- 5.- Marcar as directrices a seguir a cada adestrador a principios de tempada en canto a métodos de adestramento, sen prexuízo dos acordos a que chegue cos mesmos para o desenvolvemento do seu labor, así como os obxectivos a conseguir co mesmo.
- 6.- Exercer, simultaneamente, calquera outra actividade relacionada co Clube, e que lle sexa encomendada.
- 7.- Transferir xogadores dunha equipa a outra, sempre que a situación deportiva así o aconselle, incluso cambiándoos de categoría sempre e cando non se incumplan nen vulneren os Regulamentos da Federación Galega da especialidade deportiva correspondente.
- 8.- Ter atribucións para cesar no seu cargo a calquera adestrador que non cumpra coas directrices marcadas, ou incumpla de maneira crara o indicado no Regulamento de Réxime Interno do Clube. Para iso, abondará con que comunique dita decisión á Xunta Directiva do Clube a traveso do seu responsábel.



9.- Elaborar os informes que lle sexan requiridos e efectuar o seguimento doutras equipas, xogadores e adestradores que, nun futuro, puidesen ser de interese para o Clube.

10.- Cumprir as recomendacións e obrigas que lle sexan asignadas no presente Regulamento, a máis aqueloutras esixíbeis a calquera outro compoñente do Clube, así como as que lle fosen encomendadas pola Xunta Directiva.

11.- Asumir plenos poderes sobre xogadores, adestradores, delegados e coordinadores de todas as equipas do Clube, sempre dentro das normas establecidas no presente Regulamento de Réxime Interno.

12.- Respetar a intimidade do vestiario, non podendo influír nen opinar en nengunha decisión tomada dentro do mesmo, onde será o adestrador o máximo responsábel, agas que sexa requirido para iso.

CAPÍTULO IV: COORDINADORES:

Artigo 10.- O coordinador sitúase, dentro do organigrama de técnicos do clube, baixo as directrices do Director Deportivo, ao que complementa e co que colabora en cada especialidade deportiva ou categoría, de maneira que recibe e exerce unha supervisión xeral de maneira directa.

Artigo 11.- De maneira análoga ás do Director Deportivo e sen prexuízo doutras que se puideran desempeñar e observar, a criterio deste, son funcións e obrigas do Coordinador:

1.- Dirixir, coordinar e controlar todas as actividades das diferentes equipas da Sección, relativas a adestramentos, horarios e partidos de competición, tanto de carácter oficial como amigábel.

2.- Executar as directrices emanadas da Xunta Directiva do Clube e do Director Deportivo, que lle serán comunicadas a traveso do responsábel nomeado por aquela.

3.- Facer cumprir o Regulamento de Réxime Interior a todos os xogadores, adestradores e delegados instándooos ao seu coñecemento e posta en práctica.

4.- Xestionar, controlar e efectuar o seguimento de todos os xogadores e adestradores da Sección, estando á súa disposición de cara a resolver calquera problema que se lles presente.

5.- Marcar as directrices a seguir a cada adestrador a principios de tempada en canto a métodos de adestramento, mesmo incluíndo asesoramento técnico.

6.- Exercer, simultaneamente, calquera outra actividade relacionada co Clube, e que lle sexa encomendada.

7.- Transferir xogadores dunha equipa a outra, coa conformidade do Director Deportivo, sempre que a situación deportiva así o aconselle, incluso cambiándooos de categoría sempre e cando non se incumplan nen vulneren os Regulamentos da Federación Galega correspondente.

8.- Elaborar os informes que lle sexan requiridos e efectuar seguimento doutras equipas, xogadores e adestradores que, nun futuro, puidesen ser de interese para o Clube.

9.- Cumprir as recomendacións e obrigas que lle sexan asignadas no presente Regulamento, a máis aqueloutras esixíbeis a calquera outro compoñente do Clube, así como as que lle fosen encomendadas pola Xunta Directiva.

10.- Respetar a intimidade do vestiario, non podendo influír nen opinar en nengunha decisión tomada dentro do mesmo, onde será o adestrador o máximo responsábel, agas que sexa requirido para iso.



CAPÍTULO V.- ADESTRADORES E MONITORES:

Artigo 12.- Os adestradores adoitan ser un modelo de comportamento xa que as súas verbas e actitudes teñen reflexo nas dos xogadores que integran a equipa, polo que debe considerar a súa especial responsabilidade na transmisión de valores morais e de conducta ética.

Artigo 13.- Sen prexuízo doutras que se puideran desempeñar e observar, son funcións e obrigas dos adestradores:

1.- Realizar a planificación deportiva da tempada, dentro do organigrama, tarefas e liñas xerais acordadas polo Director Deportivo do Clube e/ou Coordinador da categoría.

2.- Propor ao Director Deportivo do Clube a plantilla de xogadores, así como as necesidades en canto a incorporacións e baixas, compatibilizando a súa proposta co respecto polos compromisos académicos, relixiosos e persoais adquiridos por ou con estes.

3.- Desempeñar con competencia, escrupulosidade e puntualidade as actividades encomendadas, dentro do marco dos obxectivos e principios fixados polo Clube.

4.- Proporcionar a todos os seus xogadores a oportunidade de mellorar as súas capacidades técnicas, tácticas e físicas durante o proceso de adestramento, adaptando á banda de idade da categoría as súas esixencias, mediante instrucións axeitadas.

5.- Manter a disciplina da equipa, dentro das normas establecidas, aplicando o réxime disciplinario do Clube no ámbito das súas competencias.

6.- Designar, agás criterio diferente do Director Deportivo, un capitán titular e un reserva para cada tempada, mediante proposta directa ou decisión consultiva a traveso de votación de todos os xogadores, podendo, en todo caso, ser desposeídos da capitanía que ostentan se non cumpren as súas funcións axeitadamente.

7.- Cumplir coas datas e horarios de adestramentos, partidos ou eventos fixados, avisando con antelación dabondo cando non poida concorrer, para ser substituído por outro adestrador ou coordinador.

8.- Non suspender nen modificar horarios de adestramentos sen o coñecemento da Dirección deportiva.

9.- Coidar de que a súa equipa utilice de maneira axeitada as instalacións e material deportivo empregado.

10.- Actuar de portavoz da Xunta directiva, Dirección deportiva ou Coordinación cara os pais ao respecto de calquera evento ou convocatoria, mantendo as xuntanzas que se estimen oportunas polo Clube.

11.- Formar parte das comisións que a Xunta Directiva e/ou Coordinación deportiva estime comenentes.

12.- Manter unha conducta persoal e deportiva digna e respectuosa cos distintos estamentos e membros do Clube.

13.- Realizar informes sobre as características físicas, técnicas, ... dos xogadores para planificar e avaliar a súa progresión. As observacións recollidas nos mesmos deben ter estricto carácter confidencial, sendo compartidas unicamente polo Coordinador ou Director deportivo, ou quen eles consideren.

14.- Manterse informados sobre as regras de xogo, asegurando que os seus xogadores as coñezan, as entendan e as apliquen, sendo asemade responsábeis das accións dos xogadores dentro do campo/cancha.

15.- Respetar a regras do xogo, amosando comportamentos deportivos, e rexeitando vantaxes inxustas.

16.- Evitar a crítica pública aos intergrantes da equipa rival ou ao árbitro, así como aquelas procedentes dos xogadores ao seu cargo.



17.- Respetar as relacións profesionais cos seus colegas, asociacións, prensa e público, debendo evitarse conflitos de interese e a explotación destas relacións en beneficio propio.

18.- Procurar o mantemento da boa forma física, buscando asemade o seu progreso profesional e formativo.

CAPÍTULO VI.- DELEGADOS DA EQUIPA:

Artigo 14.- Sen prexuízo doutras que se puideran desempeñar ou observar, son funcións e obrigas do Delegado:

1.- Representar á equipa nos partidos que dispute, sendo o enlace entre o adestrador, o Clube contrario e máis o árbitro, mantendo con eles unha actitude correcta.

2.- Recibir, nos partidos que o Clube dispute como local, á equipa contraria e ao árbitro, acompañándoos aos vestiarios correspondentes, estando á súa disposición antes, durante e despois do partido.

3.- Colaborar en todas aquelas funcións, dentro da equipa, que puidera precisar o adestrador, incluso as relacionadas coa disponibilidad do material deportivo, equipacións, etc.

4.- Custodiar as fichas federativas dos compoñentes da equipa, así como calquera documentación auxiliar que se estime comenente (datos telefónicos, enderezos, etc.).

5.- Informar daqueles actos que afecten ou poidan afectar á boa marcha deportiva da equipa ou ao cumprimento do presente Regulamento.

6.- Actuar de forma responsábel e coherente ante calquera incidente que puidera acontecer.

7.- Velar pola orde e hixiene dos xogadores, de forma conxunta co adestrador, tanto dentro do vestiario, como no ámbito das instalacións deportivas e nos desprazamentos.

8.- Acudir ás xuntanzas que se lle requiran actuando como portavoz dos pais da equipa da que ostenta a delegación a fin de trasladar suxerencias e consultas co obxecto de colaborar na resolución de problemas.

9.- Formar parte das comisións disciplinarias que a Xunta Directiva considere oportunas.

10.- Non utilizar o nome do Clube nen outorgarse representación en nome do mesmo sen permiso expreso e directo da Xunta Directiva.

CAPÍTULO VII.- XOGADORES:

Artigo 15.- O obxectivo fundamental dos xogadores debe ser o de acadar unha formación persoal nos ámbitos humano, intelectual, social, moral e deportivo a traveso da disciplina que practiquen, así como a creación de vínculos de amizade tanto cos compañeiros da súa equipa como cos demais doutras plantillas da institución, reforzando así o sentimento de pertenza ao Clube Deportivo Conxo.

Artigo 16.- Sen prexuízo doutras que se puideran indicar, son obrigas dos xogadores en todas as actividades nas que se represente ao Clube:

1.- Manter unha actitude de respecto e disciplina cara as actividades, decisións e consignas propostas polos seus adestradores, esforzándose e obrigándose a aprender e mellorar en todos os aspectos.

2.- Manter unha actitude de colaboración, apoio, compostura e respecto cara os seus compañeiros, tanto no interior do terreo de xogo como dende o banquiño (mesmo como espectador) aceptando en todo momento as indicacións de entrenador e delegado.



3.- Asistir con puntualidade aos adestramentos e eventos deportivos aos que sexan convocados, e coa preparación necesaria.

4.- Xustificar, mediante comunicación ao seu adestrador coa debida antelación, as ausencias a adestramentos e partidos naqueles casos nos que non poida acudir, coa seguraza de que se lle respectarán, como é norma no Clube e de mediar incompatibilidade, os seus compromisos educativos, académicos, relixiosos e peroais.

5.- Respectar aos árbitros, rivais e público, evitando manifestacións verbais ou xestuais despectivos antes, durante e despois do partido.

6.- Non provocar nen responder a accións violentas ou conductas antideportivas do rival.

7.- Non utilizar un vocabulario inaxeitado ou malsoante nos partidos nen nos adestramentos.

8.- Acatar con respecto as sancións disciplinarias ás que puidera ser sometido.

9.- Portar con dignidade, orgullo e respecto as indumentarias institucionais nos eventos programados polo Clube.

10.- Observar as máis comúns normas de hixiene e saúde.

11.- Estar a disposición do Clube para ser sometido aos recoñecementos médicos e psicolóxicos que se estimen oportunos, antes e durante a tempada de competición. É preceptiva, porén, a expresa autorización persoal (no caso de deportistas maiores de idade) ou do pai/nai/titor.

12.- Gardar o descanso oportuno a véspera dos partidos así como evitar o consumo de substancias nocivas (legais e ilegais) por respecto a un mesmo, aos técnicos, aos compañeiros e ao propio Clube.

13.- Prohíbese participar en calquera outra competición, naquelas especialidades nas que está federado polo Clube Deportivo Conxo, en pretempada e tempada, sen permiso expreso do mesmo. Non obstante, ao se considerar comenente a integración en diversas materias deportivas nas categorías base como opción de mellora formativa e integral do xogador, será permitida e apoiada a práctica doutras disciplinas deportivas sempre e cando se fixen de antemán as prioridades no caso de coincidencia de calendarios.

14.- Se calquera xogador obtivera a carta de liberdade durante a tempada, o Clube non está obrigado a devolver cantidade económica algunha.

15.- Se un xogador se incorporase unha vez iniciada a tempada, deberá aboar as cotas tomando como referencia os seguintes tramos temporais: ata o cuarto mes incluído o 100%, entre o quinto e o sexto mes incluído o 50% e entre o oitavo mes e o remate o 25%.

Artigo 17.- Son funcións e obrigas dos capitáns das equipas:

1.- Ser o enlace entre o adestrador e os seus compañeiros, e, á súa vez, portavoz destes.

2.- Realizar funcións asignadas ao adestrador (dirixir o quentamento ou parte do adestramento, etc.) en determinadas circunstancias, e por causa de forza maior, sempre coa dirección axeitada.

3.- Preocuparse, en ausencia de adestrador, de que os seus compañeiros estean debidamente informados dos horarios de adestramento, partidos, convocatorias, desprazamentos, etc.

4.- Dar exemplo de comportamento, adicación, esforzo e motivación, tanto nos adestramentos como nos partidos, así como en calquera circunstancia e lugar onde se encontre a equipa.

5.- Coñecer e asumir axeitadamente, a partir da categoría Alevín, os dereitos e obrigas que, pola súa condición, lle outorga o Regulamento de xogo da Federación Galega correspondente.



CAPÍTULO VIII.- PAIS, NAIS E TITORES:

Artigo 18.- Todo xogador que pertenza ao Clube e sexa menor de 18 anos, estará representado polo seu pai, nai ou titor/a legalmente recoñecido/a.

Artigo 19.- O papel a desempeñar no Clube por parte destes derivará da asunción dunha serie de preceptos, entre os que se encontran:

1.- A inscrición dun xogador no Clube, supón o coñecemento e a aceptación pola súa parte ou a dos seus representantes legais (asumindo a obriga, neste caso, de facerlles respectar a normativa) do ideario e o presente Regulamento Interno do Clube.

2.- Ao principio da tempada facilitarán os datos identificativos, administrativos e autorizacións pertinentes que o Clube lles solicite.

3.- Responsabilizaranse de que a documentación solicitada polo Clube estea vixente e sexa entregada nos prazos axeitados.

4.- Comprométense a efectuar os pagamentos acordados e requiridos polo Clube na forma e prazos establecidos. Ditos pagos concrétanse na cota anual, agás naqueles casos nos que se realizasen actividades extraordinarias non incluídas nestes abonos e precisen dun gasto suplementario para a súa realización (sempre comunicados con antelación).

5.- Poderán elixir entre deles un representante ou delegado que faga de portavoz ante o Clube, podendo asistir ás reunións do mesmo previo requirimento da Xunta Directiva. Dito representante, será, como máximo, un por equipa.

6.- Procurarán, na medida das súas posibilidades, acompañar á equipa e colaborar no desprazamento dos xogadores aos campos alleos, cando sexan requiridos polo Clube.

7.- Deberán observar nos adestramentos e partidos o mesmo comportamento esixido a adestradores e xogadores.

8.- Teñen terminantemente prohibido o acceso a vestiarios.

9.- Durante o desenvolvemento dos adestramentos ou partidos, incluídos os descansos ou paradas, absteranse en todo momento de aconsellar, recomendar ou facer calquera observación, tanto a xogadores como adestradores.

10.- Instarán aos seus fillos a que obedezan en todo momento ao adestrador da equipa e sigan as directrices marcadas polo mesmo.

11.- Os dereitos e obrigas dos pais recollidos no presente Regulamento de Réxime Interno entenderanse referidos, no caso de ausencia destes, ao titor, representante legal ou acompañante eventual do xogador.

Artigo 20.- Como norma xeral, os pais/nais, titores, familiares e acompañantes do xogador deben gardar o debido respecto, a máis do establecido no presente Regulamento:

1.- Ás normas e regulamento de competición.

2.- Aos adestradores e delegados do Clube, tanto en adestramentos como en partidos, absténdose en todo momento de aconsellar ou recomendar naqueles aspectos do xogo que son competencia exclusiva dos técnicos.

3.- Ás decisións arbitrais e xogadores da equipa contraria no transcurso dos partidos.

4.- Á imaxe do Clube.



TÍTULO III.- CONVOCATORIAS E DESPRAZAMENTOS:

Artigo 21.- Para os partidos de competición, os xogadores dunha equipa deberán estar no lugar e hora de convocatoria que lles comunique o seu adestrador.

Artigo 22.- Nas convocatorias dos partidos os xogadores irán vestidos coa equipación oficial do clube.

Artigo 23.- Nos desprazamentos, os xogadores, adestradores e delegado, realizarán a viaxe coa expedición oficial da equipa, tando á ida como á volta, agás naquelas situacións autorizadas expresamente polo responsábel directo (técnico ou directivo) á fronte da expedición.

Artigo 24.- Non se aplazará a partida da expedición oficial da equipa polo retraso dun xogador. O desprazamento do mencionado xogador farao, neste caso, pola súa conta.

Artigo 25.- Só poderán desprazarse coa expedición oficial os xogadores, adestradores e delegados das equipas, agás naqueles casos nos que se autorice a viaxe conxunta con familiares e acompañantes, en todo caso coas seguintes condicións:

- 1.- A adxudicación de prazas será por rigorosa orde de inscrición e pagamento do prezo acordado.
- 2.- Todos os acompañantes estarán sometidos ao protocolo establecido polo Clube tocante á distribución de prazas, paradas en ruta, comidas, horarios, etc.
- 3.- O prezo por persoa establecido polo Clube será determinado, de ser previsíbel, cada tempada ou, en caso contrario, de maneira puntual, debendo ser aboado previamente (nas dependencias da entidade ou ao delegado da expedición) o importe de cada desprazamento (tendo a finalidade de axuda aos gastos de desprazamento).

TÍTULO IV.- INSTALACIÓNS E MATERIAL:

CAPITULO I: INSTALACIÓNS:

Artigo 26.- Os xogadores e técnicos tan só teñen autorizada a súa estancia nos vestiarios e nas instalacións do Clube durante os horarios establecidos para a realización da súa actividade.

Artigo 27.- Nas instalacións deportivas que utilice unha equipa do Clube, ben sexan propias ou as que se usen como visitante, queda prohibido comportarse de forma inadecuada con accións espúreas ás do seu uso.

Artigo 28.- As instalacións deben manterse limpas e cada equipa se responsabilizará de que todos os elementos das mesmas (duchas, bancos, perchas, portas de acceso, etc.) queden en perfectas condicións para a súa posterior utilización.

CAPITULO II: MATERIAL:

Artigo 29.- Os xogadores deben vestir nos partidos, adestramentos e desprazamentos o equipamento establecido polo Clube, sendo responsabilidade exclusiva dos mesmos a indumentaria que lles sexa entregada.

Artigo 30.- Nos partidos de competicións os xogadores deberán utilizar a equipación oficial do Clube.

Artigo 31.- Todos os desperfectos causados nas instalacións ou no material entregado a un xogador, debido a unha utilización negligente, irán a cargo do causante.

Artigo 32.- Cada equipa debe deixar o material utilizado en adestramentos e partidos no lugar destinado ao mesmo e nas condicións óptimas para a súa posterior utilización.



Artigo 33.- En todo momento se seguirán as indicacións ou avisos que efectúen tanto os encargados das instalacións como os directivos do Clube.

TÍTULO V.- RÉXIME DISCIPLINARIO, INFRACCIÓNS, SANCIÓN E PROCEDEMENTO SANCIONADOR:

CAPITULO I: RÉXIME DISCIPLINARIO:

Artigo 34.- Establécese o presente Réxime Disciplinario coa fin de preservar o bo nome da entidade CLUB DEPORTIVO CONXO e conseguir un funcionamento acorde co que o seu nome e traxectoria representa.

Este Rexime Disciplinario será de aplicación a todos os compoñentes do Clube: Director Deportivo, Coordinadores, Adestradores, Delegados, Xogadores e pais/nais ou titores.

Os membros da Xunta Directiva, en xeral, e o Director Deportivo, en particular, porán especial coidado na anticipación e prevención das actuacións disciplinarias previstas neste Regulamento de Réxime Interno mediante o contacto e colaboración constantes.

Artigo 35.- O incumprimento do articulado do presente Regulamento motivará a apertura, por parte da Xunta Directiva do Clube, dunha investigación dos feitos e da cualificación da gravidade dos mesmos.

Artigo 36.- Se da investigación se deduce a responsabilidade dalgún membro do estamento deportivo do Clube, establecerase a sanción que a Xunta Directiva determiñe en función do previsto no presente Regulamento.

Artigo 37.- Sen prexuízo de accións posteriores, os entrenadores poderán adoptar as medidas que consideren pertinentes para manter a orde e disciplina dentro da súa equipa, comunicándollas con posterioridade á Xunta Directiva.

CAPÍTULO II.- INFRACCIÓNS:

Artigo 38.- As infraccións que poidan cometer os membros do estamento deportivo do Clube poderánse cualificar como:

- 1.- Leves.
- 2.- Graves.
- 3.- Moi graves.

Artigo 39.- Sen prexuízo doutras que se deriven do incumprimento da normativa do presente Regulamento, son faltas leves:

- 1.- As faltas inxustificadas de puntualidade.
- 2.- As faltas inxustificadas de asistencia a entrenamentos e partidos.
- 3.- A non comunicación de calquera anomalía ou falla de asistencia a adestramentos e partidos coa suficiente antelación cando iso sexa posíbel.
- 4.- A actitude pasiva en entrenamentos e partidos.
- 5.- A falla de respecto aos seus compañeiros ou entrenador no marco dos adestramentos, partidos e desprazamentos ou na relación con outros xogadores, árbitros, etc.
- 6.- Os actos de indisciplina, injurias ou ofensa non graves.



7.- Calquera outro acto inxustificable que altere levemente o normal desenvolvemento das actividades do Clube.

Artigo 40.- Sen prexuízo doutras que se deriven do incumprimento da normativa do presente Regulamento, son faltas graves:

1.- As faltas inxustificadas reiteradas de asistencia a entrenamentos e partidos.

2.- A reiterada e continua falla de respecto con compañeiros ou adestrador, así como calquera comportamento en xeral incorrecto e descortés, de carácter grave, que se leve a cabo en adestramentos, partidos ou desprazamentos.

3.- Os actos de indisciplina, inxuria ou ofensa grave aos membros do Clube e outros en deterioro da imaxe do mesmo.

4.- Os actos inxustificables que alteren gravemente o normal desenvolvemento das actividades do Clube.

5.- A reiterada e sistemática comisión de faltas leves nunha mesma tempada deportiva.

Artigo 41.- Sen prexuízo doutras que se deriven do incumprimento da normativa do presente Regulamento, son faltas moi graves:

1.- Os actos de indisciplina, inxuria ou ofensa moi graves contra os membros do Clube ou outros en deterioro da imaxe do mesmo.

2.- A agresión física a membros do Clube ou doutros clubs, así como aos árbitros, espectadores, etc.

3.- A comisión de tres faltas graves durante unha mesma tempada deportiva.

Artigo 42.- Prescrición das infraccións:

1.- As infraccións leves prescribirán ao mes.

2.- As infraccións graves prescribirán aos tres meses.

3.- As infraccións moi graves prescribirán aos seis meses,

O prazo para o cómputo da prescrición comezará dende a data da comisión dos feitos constitutivos da posible infracción.

CAPÍTULO III.- SANCIONES:

Artigo 43.- Pola comisión das faltas enumeradas anteriormente, imponense por parte da Xunta Directiva, as seguintes sancións:

Artigo 44.- Por faltas de carácter leve, poderase impor algunha das seguintes sancións atendendo ás circunstancias de cada caso:

1.- Amoestación privada.

2.- Amoestación escrita e comunicada aos pais ou tutores.

3.- Suspensión da práctica deportiva por un tempo máximo de oito días.

Artigo 45.- Como no caso anterior, e atendendo ás circunstancias de cada caso, poderase impor algunha das seguintes sancións por faltas consideradas graves:



1.- Apercibimento, no caso de continuas faltas inxustificadas de asistencia, no que se incluíra un informe detallado, sobre dita actitude, do adestrador correspondente e do Director Deportivo.

2.- Transferencia de equipa do xogador, se fose posíbel.

3.- Suspensión do dereito da práctica deportiva por un periodo de tempo máximo de un mes.

Artigo 46.- No caso da comisión dunha falta moi grave as sancións que se poderían impor son:

1.- Suspensión do dereito da práctica deportiva por un periodo de tempo entre corenta e cinco días a tres meses.

2.- A expulsión do Clube por un período de ata tres meses.

3.- A expulsión definitiva do Clube.

CAPÍTULO IV.- PROCEDEMENTO SANCIONADOR:

Artigo 47.- Só se poderán sancionar as infraccións consumadas e respecto das conductas e feitos constitutivos de infraccións delimitadas no ámbito de aplicación do presente Regulamento.

Artigo 48.- Aos efectos do presente regulamento, o órgano competente para a imposición de sancións é a Xunta Directiva.

Artigo 49.- Os procedementos sancionadores iniciaranse sempre de oficio, ben por acordo do órgano competente, por iniciativa propia, petición razoada doutros órganos ou ben por denuncia previa.

Artigo 50.- Actuacións previas:

1.- Con carácter previo á iniciación dun procedemento sancionador, poderase dar principio ás actuacións co obxecto de determinar, con carácter preliminar, se concurren circunstancias que xustifiquen tal iniciativa.

2.- As actuacións previas serán promovidas pola Xunta Directiva.

Artigo 51.- Iniciación:

1.- A iniciación dos procedementos sancionadores formalizarase co contido mínimo seguinte:

a.- Identificación da persoa ou persoas presuntamente responsábeis.

b.- Exposición sucinta dos feitos que motivan a incoación do procedemento, a súa posíbel cualificación e as sancións que poideran corresponder, sen prexuízo do que resulte da instrución.

c.- Nomeamento do Instructor e, no seu caso, Secretario do procedemento.

d.- Sinalamento do Órgano competente para a resolución do expediente.

e.- Indicación do dereito a formular alegacións, a audiencia no procedemento e prazos para o seu exercicio.

Artigo 52.- Actuacións e alegacións:

Os interesados disporán dun prazo de quince días para aportar cantas alegacións, documentos ou informacións estimen convintes e, no seu caso, propor proba concretando os medios de que pretenda valerse.



Artigo 53.- Proposta de resolución:

Concluída, no seu caso, a proba, o órgano instructor do procedemento formulará proposta de resolución na que figurarán de forma motivada os feitos, especificándose os que se consideran probados, a súa exacta cualificación xurídica, a persoa ou persoas que resulten responsábeis, especificando a sanción que propón impor.

Artigo 54.- Resolución:

A Xunta Directiva dictará resolución que será motivada e decidirá todas as cuestións plantexadas polos interesados e aqueloutras derivadas do procedemento.

Entrada en vigor: O presente Regulamento de Réxime Interno entrará en vigor a partir da data da súa aprobación por parte da Asemblea Xeral.

Unha vez aprobado pola mesma, deberá ser publicado integramente na páxina web do Clube.

